



VI 222/18

CONVENIO ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A CESIÓN DE TERREO PARA HABILITACIÓN DE APARCADOIRO NO ENTORNO DA IGREXA DE SISÁN

En Ribadumia a 20 de junio de 2023

REUNIDOS

Dunha parte,

D. David Castro Mougán, maior de idade, con D.N.I nº [REDACTED], en calidade de Alcalde- Presidente do Concello de Ribadumia.

Doutra parte,

D. Fernando Barros Fornos maior de idade, con D.N.I. nº [REDACTED], en calidade de Ecónomo do Arcebispado de Santiago de Compostela, con CIF [REDACTED], e con domicilio a efectos de notificacións en Plaza da Inmaculada nº 1 da mesma cidade de Santiago.

INTERVEÑEN

O primeiro, en nome e representación do Concello de Ribadumia (Pontevedra), facultado polo Pleno Municipal para a sinatura do presente convenio.

O segundo, en nome e representación do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Todos eles se recoñecen capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente **CONVENIO**, e a tal efecto.

EXPOÑEN

- I. O Arcebispado de Santiago de Compostela é titular dunha finca sita no lugar de Cabarcos na parroquia de Sisán, xunto á Igrexa de San Clemente de Sisán, término municipal de Ribadumia, provincia de Pontevedra, coa seguinte descrición, e una superficie total de 8.424,00 metros cadrados:
 - Finca con referencia catastral 36046G503006110000GE, correspondente á finca número 611 do Polígono número 3 da Concentración Parcelaria de Sisán, con inscrición rexistral en Tomo 902, Libro 67, folio 47, finca número 9085.



CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Por medio do presente documento, o Arcebispado de Santiago de Compostela cede ó Concello de Ribadumia, libre de cargas e gravames, a parcela descrita no Expositivo Segundo, cuxa delimitación gráfica incorpórase como anexo I (Se adxunta plano como Anexo I)

SEGUNDA.- Dado o uso a que se pretende destinar a parcela obxecto do presente Convenio, o Arcebispado autoriza ao Concello de Ribadumia á execución das obras que con carácter xeral sexan necesarias para o destino previsto de aparcadoiro. Neste sentido, poderá o Concello realizar tanto o acondicionamento, limpeza, execución de zonas axardinadas e asfaltado da referida superficie.

TERCEIRA.-GASTOS - Tódolos gastos e tributos que orixinen a cesión e ocupación polo Concello de Ribadumia da parcela referida no Expositivo Segundo serán a conta do Concello de Ribadumia.

Os gastos que se orixinen coa sinatura e ratificación do presente convenio, serán por conta do Concello de Ribadumia.

CUARTA.- O Concello de Ribadumia se compromete a realizar o valado do fronte da finca que queda en poder do Arzobispado, con postes e tela metálica, segundo memoria que se adxunte a este convenio, debendo estar rematado o mesmo tempo que as obras do aparcamento.

QUINTA.- O Concello de Ribadumia se compromete á dotación de todos os servizos urbanísticos necesarios para que as parcelas resultantes da parcelación que vai realizar o Arcebispado na finca 36046G503006110000GE, adquiran a condición de solar e sexan edificables. O prazo para execución destas obras fíxase en dous anos dende a aprobación definitiva do correspondente instrumento urbanístico de acordo co previsto na estipulación seguinte.


SEXTA.- O Concello se compromete a redactar os documentos urbanísticos suficientes, para que a aliñación das parcelas edificables resultantes referidas na estipulación anterior sexa coincidente co límite da beirarrúa que se constrúa; a tal efecto, antes do 26 de maio de 2023 o Concello deberá aprobar inicialmente o correspondente estudo de detalle.

Para posibilitar o acceso rodado ás parcelas situadas nos extremos da finca, deberá contemplarse, ao executar as obras, a colocación dun bordillo rebaxado nas entradas as mesmas, a realizar dentro do mesmo prazo referido na cláusula quinta.

SÉTIMA.- Ao presente Convenio deberán incorporarse os informes técnicos e xurídicos municipais asumindo a viabilidade dos compromisos do Convenio.

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO. O presente convenio entrará en vigor una vez que o mesmo, unha vez ratificado polo Pleno Municipal, se eleve a escritura pública. O Concello de Ribadumia tomará posesión da parcela indicada na Cláusula Primeira, no momento en que se produza a elevación a escritura pública do presente convenio.

ANEXO I



Número Parcela	Superficie (m ²)
Parcela 1	832,74 m ²
Parcela 2	627,43 m ²
Parcela 3	605,14 m ²
Parcela 4	664,26 m ²
Parcela 5	763,05 m ²
Parcela 6	857,72 m ²
Parcela 7	834,39 m ²
Parcela 8	691,79 m ²
Parcela 9	757,92 m ²

**Historial de flujo de trabajo para la instancia número: 30145
(Registro de Entrada)**

Fecha	Tarea	Nombre de usuario	Información adicional
20/06/2023 13:50:43	End	SYSTEM	Flujo de trabajo terminado.
20/06/2023 13:50:43	Combinar Mail	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'End'.
20/06/2023 13:50:43	Combinar Mail	SYSTEM	La instancia se ha combinado.
20/06/2023 13:50:43	Notificación RE Interna	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Combinar Mail'.
20/06/2023 13:50:33	Envío Mail	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Notificación RE Interna'.
20/06/2023 13:50:33	Start	SYSTEM	La instancia se ha desviado a 'Envío Mail'.
20/06/2023 13:50:33	Start	Domingo Antonio Portela López	Flujo de trabajo iniciado.